

**VIOLENCIA** contra  
as **MULLERES** con  
**DISCAPACIDADE**  
ver e recoñecer os sinais

- **FÍSICA**
- **SEXUAL**
- **ESTRUTURAL**
- **PSICOLÓXICA**
- **ECONÓMICA**
- **OBSTÉTRICA**
- **CULTURAL**

**PROGRAMA:** Descubre a nosa realidade!

**DIRECCIÓN E COORDINACIÓN**

Hadriana Ordóñez Otero

**EDITA**

ACADAR, Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia

[www.acadar.org](http://www.acadar.org) // [info@acadar.org](mailto:info@acadar.org)

teléfonos 674073092 - 674139837

**TEXTOS:**

Hadriana Ordóñez Otero

**REVISIÓN LINGÜÍSTICA:**

Raquel García Abuín

**EQUIPO TÉCNICO:**

Cristina Santos Díaz

Tania Piñeiro Hermo

Irene Quinteiro Blanco

Mariluz Vázquez Regueiro

**FOTOGRAFÍA**

Anxo Resúa Calo // Martín Pérez Fernández ([www.afiestra.com](http://www.afiestra.com))

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Monica Mura ([www.monicamura.com](http://www.monicamura.com))

**IMPRESIÓN**

Gráficas Integrales Cogami, S.L.

(Grafinco)

CopyNova Dixital

**DEPÓSITO LEGAL**

DL C 180-2016



# VIOLENCIA contra as **MULLERES** con **DISCAPACIDADE** ver e recoñecer os sinais



*Para todas elas.*

*O noso recoñecemento ás mulleres*

*que mudan visibles*

*para descubriros cítricas realidades.*

Financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia

a través do Fondo Social Europeo.

Parte da impresión financiada pola Deputación da Coruña.



**C**antas veces durante unha conversa alguén ve algo e a outra persoa non o chega a ver? Ou viceversa? **Impotencia, soidade, inseguridade, apatía ou medo** son exemplos de sentimentos na súa forma maiormente simplificada do total de emocións

que senten miles de persoas cando viven nunha **situación incríbel para o imaxinario de quen o escoita**. Tan incríbel que mesmo supera o que cadaquén acouga que ocorra. Isto leva a unha diminución da rede de apoios precisos para a toma de decisións fundamentais para a vida e a minguar a posibilidade do seu empoderamento. É, por iso, que unha das solucións a este conflito social de invisibilidade e incredulidade de formas específicas de violencia contra as mulleres con discapacidade sexa acompañar a quen desexe aprender a mirar. E cando se di mirar, refírese a fixar a vista de maneira intencionada en algo ou alguén.

**Esa é a verdadeira ferramenta de cambio social: reunir a forza, valentía, sororidade e implicación suficientes para desexar percibir algo a través da intelixencia** en cada unha das fotografías e palabras deste caderno **e facelas chegar aos miles de poros da pel, ó ritmo da nosa caixa motora e ó fluxo do aire que entra e sae dos pulmóns**. Así, verémonos na obriga fisiolóxica de reequilibrar un estado total de homeostase no noso corpo e no mundo no que sentimos, vivimos e actuamos.

Con isto, é preciso enriquecer o noso imaxinario para conseguir unha diversificación das realidades sociais posibeis. Así, acadarase o éxito de xerar o prendemento de miles de lámpadas nos sistemas límbicos de cada unha das persoas que se adican a sumerxirse en todas ou nunha soa das páxinas creadas. Só é preciso xerar a enerxía suficiente para que prendan.



# ÍNDICE

● presentación	8
● ver	12
● reconocer	14
● actuar	16
● <b>VIOLENCIA</b>	18
Que É? Onde Está?	20
Como A Recoñezo?	
Que Fago?	
● FÍSICA	22
● SEXUAL	26
● ESTRUTURAL	32
● PSICOLÓGICA	36
● ECONÓMICA	40
● OBSTÉTRICA	44
● CULTURAL	48
● estadísticas	52
● referencias e recursos	54

**A** Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, (Nova York, decembro 2006), tivo importantes consecuencias para as persoas con discapacidade. Recoñece a concorrencia de motivos engadidos de posible discriminación no caso das mulleres con discapacidade e sinala que “as mulleres e as nenas con discapacidade solen estar expostas a un risco maior de violencia, de lesións ou abuso, de abandono ou trato negligente, de malos tratos ou de explotación”.

Ademais das dificultades para o desenvolvemento e a plena participación que afectan a todas as persoas con discapacidade, o xénero constitúe unha variable que afonda nesa desigualdade e que supón discriminación múltiple e multisectorial para as mulleres con discapacidade que e son máis vulnerables á exclusión social e á pobreza.

Se ben é certo que nos últimos anos a nosa sociedade está a tomar conciencia do grave problema e do déficit democrático que supón a violencia de xénero, non é menos certo que cando falamos de mulleres con calquera tipo de discapacidade falamos necesariamente tamén dunha dobre ou tripla marxinação; Elas afrontan máis desigualdades no desfrute dos seus dereitos como persoas, no seu acceso e permanencia no emprego, na educación, na protección social, no dereito ás relacións afectivas, á maternidade, ou na propia imaxe que a sociedade e os medios de comunicación reflicten delas

Neste ámbito da violencia de xénero, existe a percepción de que se producen un grande número de casos, entre as mulleres

con discapacidade, que nunca chegan a ser coñecidos nin denunciados, especialmente nas zonas rurais. Por outra banda, existen numerosos atrancos na potencial denuncia da muller con discapacidade.

A vulnerabilidade multiplícase para estas mulleres, con menos acceso á información e aos recursos.

É polo tanto obriga das administracións e poderes públicos remover os atrancos que impidan o pleno desenvolvemento dos dereitos das mulleres, cun enfoque integrado de xénero na planificación e deseño de todas as actuacións que se poñan en marcha, debullando ademais medidas específicas dirixidas ás mulleres con discapacidade, promovendo a súa participación social e introducindo dende a perspectiva de xénero, medidas de apoio a estas mulleres.

O delas é un camiño máis longo que o do resto das mulleres para acadar a igualdade de oportunidades e a garantía dos seus dereitos. Agardamos que este caderno contribúa a acompañalas e a facerlles máis doado ese camiño.

Susana López Abella  
Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia



“Debemos ser  
unha ferramenta  
para o proceso de  
**empoderamento**  
das mulleres con  
discapacidade”

Mónica Álvarez San Primitivo  
Presidenta de Acadar

**V**ivimos nunha sociedade diversa e global na que a persoa ten que exercer o sentimento de cidadanía. Precisamos mudar os nosos valores, desaprender aquilo que tiñamos interiorizado, froito de estereotipos e prexuízos dunha cultura e tradición que non se adecuan a realidade actual.

A nosa sociedade precisa desprenderse dos valores tradicionais, mudando a realidade a través de novos conceptos como son: a SORORIDADE, a IGUALDADE, a LIBERDADE e o RESPECTO. Temos unha responsabilidade que é saldar a débeda cos colectivos máis vulnerables e vulnerados, por iso, debemos asumir o compromiso de rachar con calquera desigualdade amosando novos modelos sociais nos que todas e todos somos postos en valor:

**A idea deste caderno didáctico xorde como resposta á necesidade de dispor de material que nos permita coñecer, detectar, e abordar a vulnerabilidade a que se enfrontan as mulleres con discapacidade.** Unha realidade descoñecida, ignorada, que nos expón a diferentes formas de violencia. Coñecer dótanos de ferramentas para abordar as desigualdades, rachando con calquera forma de violencia e permítenos educar nos valores axeitados onde todas e todos somos protagonistas.

Convidamos a que como profesionais reflexionades sobre como as diferentes formas de violencia cara as mulleres con discapacidade impiden a súa participación e inclusión na sociedade. **Debemos ser unha ferramenta para o proceso de EMPODERAMENTO das mulleres con discapacidade**, un proceso que debe comezar en nós e que debe estenderse ó resto da sociedade. Só do firme compromiso de todas e todos podemos falar de IGUALDADE. Sexamos pois motor de cambio para acadar eses valores.

## consciencia

PRIMEIRA FASE DO PROCESO  
ONDE ACOMPAÑAMOS  
Á MULLER CON DISCAPACIDADE  
Á TOMA DE CONSCIENCIA  
DAS SÚAS NECESIDADES

O equipo ACADAR traballa a partir da crenza de que as mulleres con discapacidade poden ser **donas** da súa toma de decisións. Partimos, polo tanto, da idea de que non será o conxunto profesional quen facilite solucións gratuítas. O esforzo debe partir da propia persoa que quere e precisa mudar unha situación actual.

*“camiño,  
toma de decisións,  
autodeterminación”*



## capacitación

PARTE DO PROCESO NO CAL  
ACOMPANAMOS ÁS MULLERES CON  
DISCAPACIDADE NA ADQUISICIÓN  
DE FERRAMENTAS DE CARA O SEU  
DESENROLO PERSOAL

Tódalas persoas contamos con  
ferramentas para chegar a un ou varios  
obxectivos persoais. A chave está en  
chegar a visualizalas conscientemente para  
poder darlle uso e aproveitalas. Aínda así  
moitas das veces isto non é o que ocorre  
e o traballo profesional consiste en guiar  
ás mulleres na capacitación daquelas  
habilidades que precisan.

*“camiño,  
ferramentas,  
esforzo”*





# empoderamento

REMATE DO PROCESO NO CAL  
AS MULLERES CON DISCAPACIDADE  
TOMAN LIBREMENTE  
AS SÚAS DECISIÓNS

Nesta fase a muller con discapacidade toma verdadeira consciencia das súas capacidades e do que precisa para acadar as súas metas de vida. Agora disfruta da práctica de todas esas ferramentas que lle están permitindo deseñar e vivir o seu proxecto de vida acorde ó que ela quere. Socialmente son modelos de muller que servirán a outras.

*“capacidades,  
crecemento,  
éxitos”*



# Pódela ver?

...As veces escóndese detrás do **medo**, do **coidado** asfixiante, ou da falta de coidado, da **ignorancia**, da **educación**, da **vergoña**.

Outra disfrázase de **amor**, cando é **control**.

Maniféstase en moitas maneiras distintas, pero **sempre ataca á liberdade...**

Que é?  
Onde está?  
Como a recoñezo?  
Que fago?

**Activa**  
**Pasiva**

● **Que é?** O artigo I da «Declaración sobre a eliminación da violencia cara á muller» da ONU define, por primeira vez no 1993, **a violencia cara á muller** como «todo acto violento baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller; así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública coma na privada e violencia cara á muller constitúe unha manifestación de relacións de poder historicamente desiguais entre o home e a muller; que conduciron á dominación da muller e á discriminación na súa contra por parte do home e impediron o avance pleno da muller; e que, a violencia contra a muller é un dos mecanismos sociais fundamentais polo que se forza a muller a unha situación de subordinación respecto do home».

**Onde está?** Está na ideoloxía propia dun Sistema Social Patriarcal. En 1986 Gerda Lerner definiuno como “a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres, nenos e nenas da familia e a ampliación dese dominio sobre as mulleres na sociedade en xeral”. Os homes teñen que ter, exercer e gozar dun maior poder social, político, económico e sexual que as mulleres. O Patriarcado estrutúrase nun conxunto de axentes que nos socializan nesta ideoloxía: as familias, os espazos laborais, os centros educativos, os medios de comunicación, as relixións, os espazos de lecer e tempo libre, as institucións públicas e privadas... Á súa vez, estes axentes empregan distintas ferramentas que nos socializan diferencialmente en función de se somos mulleres ou homes: as normas de convivencia, os libros de texto, os guións de cine, as programacións culturais, as leis e decretos, os cores da roupa, a lingua, a vestimenta, as relacións sexuais...

**Como a recoñezo?** Poderemos recoñecer a violencia sempre e cando se teña a intención de visualizar crítica e construtivamente un Sistema Patriarcal que establece unha sociedade civil desigualitaria. Para iso contamos cunha ferramenta vital como é a “metodoloxía interseccional” refírese ós procesos complexos que derivan da interacción de factores sociais, económicos, políticos, culturais e simbólicos en cada contexto (Crenshaw, 1989). Sostén que as desigualdades (clase, casta, raza, cor, etnia, relixión, orixe nacional, orientación sexual, capacidades...) non se suman, senón que interseccionan de forma diferente en cada situación persoal e grupo social. No ano 2001, Kimberlé Crenshaw introduce o concepto de interseccionalidade na Conferencia Mundial contra o Racismo en Sudáfrica.

**Que fago?** Que queres facer? Queres chegar a ver, interiorizar e criticar construtivamente o sistema social desigualitario que fundamenta a violencia contra as mulleres? E se a resposta é si, que cambios queres e podes dar para mudar a situación?

## Párao

AS MARCAS QUE  
IMAXINAS VISÍBEIS

Do extremo do cabelo ata as dedas; da xema dunha das falanxes da man dereita ata a xema correspondente da man esquerda, pasando polo corazón e os pulmóns.

Todo órgano interno ou externo será posible protagonista e destinatario de levar impregnadas as marcas dun tipo de control.

Imaxina ti cal... Esta é a forma de trato que máis coñecemos, pero non por iso é a máis habitual nin a que imprime máis dor na vida das mulleres.

*“Oxalá puideras ver o que o meu corpo sentiu!”*




## ● FÍSICA

### INDICADORES

- estado de sedación ou nerviosismo
- disfunción motora allea á discapacidade
- marcas en bonecas e nocellos
  - dentadas
  - queimaduras
  - desnutrición
  - vestimenta inadecuada con respecto ao clima
  - frecuentes enfermidades alleas á discapacidade
  - roupa moi manchada ou estropeada
  - rabuñadas
- discapacidades non explicadas
  - dores crónicas
- fracturas de diversa índole
- lesións en órganos internos
  - perforacións de tímpano
- problemas dentais

Na súa forma **activa** é un acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por outra persoa.

Na súa forma **pasiva** é a negación ou privación dos aspectos básicos necesarios para o axeitado mantemento do organismo en canto á saúde, hixiene e aparencia. Pode ser exercida por figuras cuidadoras ou de apoio, familiares, parella ou amizades.



Agresión corporal  
 Administración de fármacos inxustificada  
 Restrición da mobilidade

# Gobérnate

TAPADA PARA MIN E SEMPRE  
ESPIDA PARA VÓS

Rétate a encontrar tantas sinais  
como elementos hai aquí.

Esta é a fotografía que marca  
a excelencia da capacidade de  
visualizar as formas de violencia  
contra as mulleres. A través dela  
pódese extraer a simboloxía do  
poder patriarcal sobre elas. Xa non  
só do control do corpo, senón do  
control da identidade.

Míraa con detemento, e sinte  
sen pausa. Despois da friaxe e  
do medo, virá a ira e a rabia por  
detectalo e mudalo.

*“Chega un  
momento no cal  
nin te sentes  
a ti mesma  
por dentro”*



## ● SEXUAL

Acción de intimidación ou invasión non consentidas sobre o corpo da muller con fins sexuais. Cando non hai consciencia da intencionalidade da acción, falamos de abuso sexual. Pode ser exercida por figuras coidadoras ou de apoio, familiares, parella, amizades ou profesionais de referencia.

### INDICADORES

#### físicos:

- desgarros vaxinais/anais/periné/tabique vaxinorrectal
- eritemas/edemas/petequias zona vaxinal
  - paralización/dor esfínter anal
  - picor/erosión/laceracións zona anal
- ruptura/perforación/dilatación do hime



Violación  
Vexacións  
Explotación  
sexual

# Abuso/acoso/ humillación sexual

## INDICADORES

### físicos:

- embarazo non desexado
- ITS (infeccións transmisión sexual)
- lesións figuradas ou estampa en muslos/mamas/nádegas
- lesións en cabeza/cara/redores da boca/nariz/cuello/brazos
- presenza de esperma/pelo púbico figura agresora

### emocionais e comportamentais:

- alteracións sono/ alimentación/ menstruación/ gastrointestinais
- inseguridade/ desconfianza
- cambios bruscos de conduta problemas de inhibición e medo (estar soa, aos homes, a un determinado membro familia)/ illamento e rexeitamento das relacións sociais/ diminución actividade social, lúdica e laboral/ agresividade, ira, hostilidade, conflictividade coa familia e amizades/ autolesións/ intentos de suicidio
- resistencia a espirse, bañarse/ problemas ou rexeitamento á escola ou centro/ fantasías ou condutas regresivas (chuparse o dedo, ouriñar na cama)/ secretismo/dificultades de interacción social e interpretar claves sociais/ tendencia a interpretar de forma hostil a conduta das demais persoas/ pensamentos obsesivos en relación coa agresión/ pesadelos/ problemas en la atención, memoria, concentración/ síntomas de ansiedade e depresión/ abuso de sustancias.
- nas relacións sexuais rexeitamento das caricias, beixos e do contacto físico/ condutas sedutoras especialmente en nenas/ condutas precoces ou coñecementos sexuais inaxeitados para a súa idade/ interese esaxerado polos comportamentos sexuais persoas adultas/ agresión sexual de menores a menores/ confusión sobre orientación sexual/ mala adaptación sexual/ dependencia/ agresividade



## Escala

VIVIR IMPLICA SOBREVIVIR

Implica a capacidade para adaptarte ao medio no cal estás. Como te adaptarías a un espazo que non está deseñado pensando nas túas capacidades? En unha aldea, na cal as túas necesidades non son nin visualizadas nin cubertas... Nun contexto coma este só queda avanzar, loitar e crer na posibilidade de acadar éxitos. Que cres que fai a protagonista da fotografía para conseguilo e como lle afecta? Mirando para ela igual non adiviñas o seu nome, pero como cres que lle chaman?

*“Todo o que estou conseguindo beneficiará á xente que vén detrás miña”*



## ● ESTRUTURAL

### INDICADORES

- diferenzas salariais entre mulleres e homes
- espazos inaccesibles
  - dificultade do acceso ao sistema sanitario
- mass media sexista
  - negación do dereito e acceso á educación
- falta de oportunidades e accesibilidade aos recursos
  - privación da decisión sobre o propio corpo
  - privación de acceso a postos de responsabilidade
- orientación laboral estereotipada
  - ausencia da transversalidade nos datos estadísticos
- invisibilización das mulleres como valor social
  - adaptación dos procedementos burocráticos

Incrumprimento da cobertura das necesidades básicas (supervivencia, benestar, identidade ou liberdade) baseada no deseño desigualitario das estruturas. É responsabilidade dos poderes públicos equilíbralo.



Espazos  
inaccesibles

# Impermeábel

A SIMPLE VISTA,  
NON VERÁS NADA

Na pel da protagonista non hai pistas. Aínda así podes deterte e inverter tempo mirándoa aos ollos. Fixarte nas súas cellas, nas comisuras da súa boca ou nas engurras de cada milímetro da faciana. Que denotan? Que ou quen será a figura responsable do seu ánimo?

*“Custa e non sabes canto, que as cousas que che din non afecten”*



## ● PSICOLÓGICA

### INDICADORES

- control da imaxe/ expresións/ emocións/ metas/ familia/ uso do tempo/ do valor propio/ canles de comunicación/ pensamentos
  - abandono de coidados ou apoios
  - negación das capacidades
  - ameazas perda custodia crianzas
  - culpabilización
  - indecisión
- baixa autoestima
- actitude nerviosa

...

Toda conduta, verbal ou non verbal, que provoque na muller desprezo ou sufrimento. Pode ser exercida por figuras coidadoras ou de apoio, familiares, parella, amizades ou profesionais de referencia.

Culpabilización

## Manexa

SEN PODER DO QUE É TEU,  
NUNCA SERÁS LIBRE

Fíxate nas capacidades desta muller.  
Adiviña cal é o seu nivel de estudos.  
Cal cres que pode ser súa profesión?

Terá poder económico?  
Que persoa será a que manexa  
o seu diñeiro?

*“Con 40 anos,  
a miña vida  
volveu comezar”*



## ● **ECONÓMICA**

### INDICADORES

- incumprimento da lei para a retribución de pensións
  - excesivas xustificacións do gasto
- control abusivo dos cartos
  - negación de acceso ao traballo remunerado
  - ausencia de información dos ingresos da parella
    - analfabetismo financeiro
- venda dos bens matrimoniais e/ou materiais sen consentimento informado

Acto de privación do poder económico da muller. Manexado este polos poderes públicos e/ou persoas próximas á súa contorna familiar.



Control abusivo do gasto

## Cría

CAPAZ EU, QUE PARA TI EU  
NUNCA O SEREI

Cal cres que é o vínculo entre as dúas personaxes que se ven na fotografía? Pénsao ben porque a resposta determinará os ollos cos que sexas quen de mirar as posibilidades que cres verdadeiras no teu pequeno mundo. Durante moito tempo a sociedade civil disfrutou e disfruta social e economicamente de que as mulleres con discapacidade sexan capaces de ser coidadoras de familiares, netos, sobriñas, etc, pero, de criar crianzas propias?

*“A xente chegou a preguntarme como fixera para quedar embarazada...”*



## ● OBSTÉTRICA

### INDICADORES

- trato deshumanizado
  - partos instrumentalizados
- abuso de medicación
- intervencións médicas inxustificadas
- negación de dereitos sanitarios
  - falta de atención
- desinformación sobre as prácticas médicas
  - malas prácticas médicas
- linguaxe inaccesible
- falta de información
- falta de habilidades no persoal sanitario
- ausencia de mobiliario / aparatos accesibles
  - esterilizacións forzadas
  - histerectomías
- negación do carácter sexuado
  - non acceso aos métodos anticonceptivos

Todo acto que é exercido sobre o corpo da muller durante a atención do parto, parto e postparto. É exercida polo conxunto profesional sanitario.



Esterilización  
forzada

Non acceso  
aos métodos  
anticonceptivos



# Goza

FÍXATE EN QUEN  
PROTAGONIZA A FOTOGRAFÍA

Cal cres que é o tipo de vínculo que hai entre as persoas do primeiro plano? Esta é a chave para descubrir os segredos desta situación. Ollo, que é o que lle serven na mesa? É unha comida adaptada á súa idade? Cal dirías ti que é a concepción que ten o camareiro sobre a discapacidade? E quen lle aprendería a el todas esas ideas? Moitas das veces non somos quen de identificar as fontes das que nos alimentamos culturalmente, aínda así é fundamental detectalas para poder entendelas e logo mudalas, de ser preciso.

*“A xente non imaxinaba que puidera estar comigo tendo en conta como son eu”*



## ● CULTURAL

Calquer aspecto da cultura (relixión, raza, ideoloxía, lingua, orientación sexual...) que se emprega para xustificar o uso da violencia.



Lástima social

Ideario patriarcal

### INDICADORES

ideario relixioso // ideario patriarcal // LGBTBI fobias // linguaxe desigualitaria // invisibilización e indiferencia da persoa // negación do dereito // falta de credibilidade // excesiva carga social á tradición // normas estéticas establecidas // sobreprotección // lástima social // ocultación da persoa // invasión da intimidade...

- FÍSICA
- SEXUAL
- ESTRUTURAL
- PSICOLÓXICA
- ECONÓMICA
- OBSTÉTRICA
- CULTURAL

## Violencia física

**Destacado:** o dobre de mulleres con discapacidade viviu violencia física severa por parte da parella, en comparación coas mulleres sen discapacidade.

Datos:

Por parte dunha parella actual ou anterior:

Total:

- Mulleres con discapacidade: 16,8%
- Mulleres sen discapacidade: 10,4%

Violencia física severa:

- Mulleres con discapacidade: 12%
- Mulleres sen discapacidade: 6,4%

Por parte doutras persoas:

Total:

- Mulleres con discapacidade: 15,4%
- Mulleres sen discapacidade: 11,4%

## Violencia sexual

**Destacado:** máis do 10% das mulleres con discapacidade viviu violencia sexual nalgún momento da súa vida.

Datos:

Por parte dunha parella actual ou anterior:

- Mulleres con discapacidade: 14,7%
- Mulleres sen discapacidade: 8,1%

Por parte doutras persoas:

- Mulleres con discapacidade: 10,3%
- Mulleres sen discapacidade: 7%

## Violencia física + sexual, dentro e fóra da parella

**Destacado:** o 35,1% das mulleres con discapacidade experimentou violencia sexual e/ou física.

Datos:

- Mulleres con discapacidade: 35,1%
- Mulleres sen discapacidade: 23,7%

## Violencia física + sexual, dentro da parella

**Destacado:** máis do 20% das mulleres con discapacidade son agredidas física ou sexualmente pola súa parella.

Datos:

- Mulleres con discapacidade: 21,1%
- Mulleres sen discapacidade: 12,6%

## Violencia económica, Por parte dunha parella actual ou anterior:

**Destacado:** case o 20% das mulleres con discapacidade viviron a violencia económica da man das súas parellas.

Datos:

- Mulleres con discapacidade: 18,5%
- Mulleres sen discapacidade: 10,8%

## Violencia psicolóxica, Por parte dunha parella actual ou anterior:

**Destacado:** en torno o 30% das mulleres con discapacidade viviron violencia psicolóxica, tanto de control como emocional.

Mentres que as mulleres sen discapacidade viviron violencia psicolóxica de control en maior medida que a emocional, para as mulleres con discapacidade ambos tipos son igual de frecuentes.

Datos:

De control:

- Mulleres con discapacidade: 30,6%
- Mulleres sen discapacidade: 26,1%

Emocional (berros, insultos, humillacións):

- Mulleres con discapacidade: 31,5%
- Mulleres sen discapacidade: 22,3%

## Violencia física + sexual + psicolóxica + económica, Por parte dunha parella actual ou anterior:

**Destacado:** a proporción de mulleres con discapacidade que viviu violencia física, sexual, psicolóxica e económica por parte das súas parellas é o dobre que a das mulleres sen discapacidade.

Datos:

- Mulleres con discapacidade: 10,8%
- Mulleres sen discapacidade: 5%

## Violencia cultural

**Destacado:** as mulleres con discapacidade que non comparten as tarefas do fogar con outras persoas da casa viviron violencia en maior proporción que as que si as comparten.

Datos:

Porcentaxe de mulleres que viviu violencia de xénero (física, sexual, económica ou psicolóxica):

- Mulleres con discapacidade que nunca ou case nunca comparten as tarefas do fogar: 45,8%
- Mulleres con discapacidade que sempre ou case sempre comparten as tarefas do fogar: 32,6%

**Reincidencia:** mulleres que sufriron violencia por parte da súa última parella e tamén por parte doutra parella anterior.

**Destacado:** case a metade das mulleres con discapacidade que estiveron en situación de violencia por parte dalgunha parella volve vivirla nunha relación posterior.

Datos:

Violencia en xeral:

- Mulleres con discapacidade: 46,3%
- Mulleres sen discapacidade: 33,3%

Só violencia psicolóxica:

- Mulleres con discapacidade: 47,1%
- Mulleres sen discapacidade: 33,4%



## Referencias

Asociación Iniciativas y Estudios Sociales. (1998). *Proyecto Iris: Cuestionario para la identificación de situaciones de violencia en personas con discapacidad*. Vedra, España: Autor.

Asociación Iniciativas y Estudios Sociales. (1998). *Proyecto Iris: Instrucciones específicas para la aplicación del cuestionario para la identificación de situaciones de violencia*. Vedra, España: Autor.

Asociación Iniciativas y Estudios Sociales. (1998). *Guía sobre violencia y mujer con discapacidad*. Vedra, España: Autor.

CNSE Confederación Estatal de Personas Sordas. (2001). *Guía para profesionales ante la violencia y los malos tratos a Mujeres Sordas*. Madrid, España: Autor.

Iglesias, M., Gil, G., Joneken, A., Mickler, B., y Knudsen, J. S. (1998). *Violencia: Mujer y discapacidad*. Vedra, España: Asociación Iniciativas y Estudios Sociales.

Milán, S., Sepúlveda, Á., Sepúlveda, P., y González, B. (2008). *Mujeres con discapacidad y violencia sexual: guía para profesionales*. Sevilla, España: Consejería para la Igualdad y Bienestar Social y Dirección General de Personas con Discapacidad, Junta de Andalucía.

Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdad. (2015). *Macroencuesta de violencia contra la mujer 2015*. Madrid, España: Autor.

Ministerio de Sanidad Servicios Sociales e Igualdad. (2014). *Propuesta de pautas para la intervención integral e individualizada con mujeres víctimas de violencia de género, sus hijos e hijas y otras personas a su cargo*. Madrid, España: Autor.

Varela, N. (2013). *Feminismo para principiantes*. Barcelona, España: Ediciones B.

## Recursos


[www.igualdade.xunta.es](http://www.igualdade.xunta.es)  
[www.violenciagenero.msssi.gob.es/](http://www.violenciagenero.msssi.gob.es/)  
[www.acadar.org](http://www.acadar.org)  
[www.descubreanosarealidad.org](http://www.descubreanosarealidad.org)

A realidade das mulleres veu e ven marcada polo androcentrismo da sociedade patriarcal na que vivimos e na que se nos socializa de xeito diferenciado.

Por iso, este caderno e as ferramentas aportadas nel están baseadas en todo momento na teoría feminista. Entendemos que o FEMINISMO é a loita pola IGUALDADE, a crítica ao androcentrismo e a vindicación dos dereitos das mulleres como seres humanos; como indica Celia Amorós: “Non buscando o identitario masculino senón o xenericamente humano”. Aínda que, historicamente o masculino se apropiara do xenérico, invisibilizando con isto ás mulleres e a súa historia e valor na sociedade.

Este caderno nace da necesidade de visibilizar, dar a coñecer e de descubrir as diferentes realidades das mulleres baseándonos en: as súas experiencias, vivencias, sentimentos e no noso traballo diario con todas elas e as súas diferentes realidades. Para isto último, temos en conta dous termos: feminismo e interseccionalidade. Estes camiñan da man, creándose con isto o que moitos movementos feministas denominan, **o feminismo interseccional**. Entendemos que as diferentes formas de opresión non poden representarse por relevancia, senón que deben estar interrelacionadas. Por iso, neste caderno o xénero e a discapacidade se abordan de xeito relacionado, xerando unha ferramenta única para o traballo coas mulleres; sen ignorar ningunha das formas de discriminación que afectan ás mulleres con discapacidade.

Esperamos que esta ferramenta de traballo facilite o camiño cara unha actuación profesional marcada por un feminismo interseccional e no que, se inclúan todas e cada unha das realidades das mulleres con discapacidade.





UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo

*"O FSE inviste no teu futuro"*



XUNTA  
DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA



A CADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

